



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

21
GALEGOs



Equipos de
Dinamización
da Língua Galega

CEIP PLURILINGÜE DA RAMALLOSA (TEO)

BOLSA DE ESTUDOS MUSICAIS PABLO SEOANE





A “**Bolsa Pablo Seoane**” nace dunha iniciativa promovida dende a **Área de Educación Musical** do **CEIP Plurilingüe da Ramallosa** (Teo), xurdida durante o **Proxecto de centro Aulas Musicais**, e froito dun convenio entre o Centro Educativo e a “**Sociedade Recreativa San Xoán de Calo**” (Asociación Local na que o gaiteiro “**Pablo Seoane**”, imparte clases e coordina o Proxecto Educativo da mesma). O alumno/a bolseiro/a acudirá durante un ano a clases de **gaita** e **linguaxe musical** de forma totalmente gratuíta á mencionada asociación.

OBXECTIVOS DA BOLSA:

- Fomentar entre o alumnado e familias o valor da nosa **música e cultura tradicional galega**.
- Ofrecer ao alumnado unha oportunidade de iniciar unha “**carreira**” como **instrumentista** e sementar así, unha posible chegada ao **mundo artístico-musical** profesional ou “amater”.
- Fornecer dun valor engadido ao **centro**, á **Área de Educación Musical** e ao **tecido cultural asociacionista** do Concello de Teo.

PROCESO de INSCRICIÓN:

- Alumnado que pode participar: 2º e 3º Ciclo de Ed. Primaria (3º - 4º - 5º e 6º).
- **Como participar:** Para obter á bolsa, as familias interesadas só terán que presentar o ANEXO da solicitude na dirección do centro ou envialo ao correo electrónico ramallosamusical@gmail.com cumprimentado e asinado no tempo e forma establecidos. Enviarase comunicado ás familias a través da APP ABALAR unha vez se inicie o proceso.
- Unha vez rematado o proceso de inscrición, o xurado fará a escolla do alumno/a becado, e procederase a facelo público unha vez nos poñamos en contacto coa familia.

Prazo de inscrición: Rematará cada curso, o primeiro venres do mes de Outubro.

O **Xurado** estará formado por:

- Pablo Seoane (Artista e Mestre Coordinador da “Sociedade Recreativa de Calo”)
- Isabel Turnes (Directora do Centro).
- Óscar Suárez (Mestre Especialista de Ed. Musical).
- Fran Nanín (Mestre colaborador no Proxecto de Música Trad. do Centro / Formación Musical).
- Isaura Cacheda (Orientadora do Centro / Formación Musical)
- Mestres/as titores/as dos grupos clase nos que se presente alumnado á beca.
- María Vázquez (Concelleira de Cultura / Representante do Concello / Formación Musical)
- Amaya Gómez (Representante da ANPA Río Tella).

REQUISITOS E COMPROMISOS DA FAMILIA AGRACIADA COA BOLSA:

1. A familia do neno/a becado comprométese a levar ao seu fillo á clase na “Sociedade Recreativa San Xoán de Calo”, segundo o horario acordado coa mesma.
2. O alumno/a deberá acudir regularmente ás clases, non superando en ningún caso as 3 sesións de ausencia inxustificadas por trimestre. Ante o incumprimento continuado do punto número 1 durante o curso, o xurado resérvase o dereito de retirar a bolsa en favor do seguinte candidato/a con máis puntuación no proceso selectivo.
3. A bolsa non suporá ningunha carga fiscal para a familia benefactora da mesma.



CRITERIOS DE SELECCIÓN

- 1) Mellor expediente académico na Área de Ed. Musical ----- Ata 2,5 puntos.
- 2) Interese polo instrumento (gaita), compromiso, actitude e aptitudes cara a música en xeral ----- Ata 2,5 puntos.
- 3) Valores, actitude, compañeirismo e empatía na escola ----- Ata 2 puntos.
- 4) Participación ou non en actividades escolares e extraescolares relacionadas co ámbito musical ----- Ata 1,5 puntos.
- 5) Idoneidade do nivel educativo para acudir á formación ----- Ata 1,5 puntos.

***No caso de empate entre diferentes candidatos/as, priorizarase ao alumno/a que teña a Renda Económica familiar máis baixa.**

***A decisión do xurado será irrevocable, podendo declarar o premio deserto no caso de que non haxa candidatos/as ou non cumbran os requisitos esixibles.**



ramallosamusical.com/bolsapabloseoane

ceip.ramallosa@edu.xunta.gal

ramallosamusical@gmail.com



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

21
GALEGO*



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



Soc. Recreativa
S. Xoán de Calo

